

Que os cachalotes me suban polas pernas...

Que os cachalotes me suban polas pernas
e me deixen un rastro feroz de travesías

Que a súa pel me fale dos eclipses

que sexan eses corpos os rastros que debulle
cada tarde nas crebas
Que amen este perfil de raiba que desxea

Que me marquen
que as súas aletas aventen estímulos no empeño:
seguir

vivir ciclóns por dentro

Que saiban ser para o periplo
duras figuras de mar

amantes fríos que me queiman

Que eles mesmos rebenten en sal cando os reclame
que sexan nada cando nada sexa o que os nomea
abatida por golpes de luz
cando derrubo a casa ata os cimentos

Que me mollen a fronte no delirio
mentres percorro o arquipélago desorientado

as linguas perdidas das escravas que fun

Ana Romaní. *Arden* (1998)

Would That the Sperm Whales Would Climb My Legs...

Would that the sperm whales would climb my legs
and leave a tang of ocean wanderings

their skin speak to me of signs and wonders

may their bodies be the ways I shake loose
in each ravaging afternoon
I want them to love this spectre of yielding rage

I want them to stain me
their fins grow urgent in the approach:
not to stop

stirring up the interior with storms

They must know how to be along the way
merciless marine creatures

freezing lovers who burn me

May they themselves explode in salt when I hold them
may they be nothing when there is nothing that defines them
struck dumb by bolts of illumination
when I pull the house down to its joists and underpinnings

May they salve my temples when I go astray
traverse headlands of incomprehension

I the displaced tongues of the dispossessed

Ana Romaní. *Blazing* (1998)

no cabo máis occidental da costa
rompen as mareas de máis encher
e a illa é a penas unha pedra na que morde o mar.
hai que fixarse moito porque ata a paisaxe é enganosa, xira
leva ese aire lento de balea.
e vai desaparecendo debaixo das ondas.

na illa sábeno e chaman a esta rexión mínima
novembro
porque é cruel coma un amante.

saben que os cormoráns vixían aos homes.
intentan evitar que fuxan envoltos nas mortallas dos ausentes.
e amárranos á terra con cordas que non se ven.

a marea sofre. e desfaise en espuma por dar con elas.
e danlle ese nome por iso.

porque aquí é onde veñen parar os cargueiros que engule o mar.
e os fardos arrastrados co seu peso de mortos.
chegan ata as furnas onde se esconden os mellores percebes
e aniñan entre eles.
alí agardan polos dedos cegos dos homes.
cóllenos polas mans para que o mar os aperte.

todos na illa o saben.
novembro é o lugar onde o mar desexa a carne.
sabe os nosos nomes íntimos

e é por iso que os **percebes** enganan con voces de serea.

where the world ends on the western cape,
there break the ravenous tides,
chewing the island to a stone.
pay attention, because the landscape is a trickster, shifting,
becoming the slow turn of a whale,
vanishing piece by piece beneath the waves.

the islanders know it and they call this bitten place
november,
for it is savage as a lover.

they know the cormorants are guarding the men.
so they don't go shrouded in the forms of the missing,
they lash them to land with invisible ropes.

the tide aches. leaps to claim them in a rage of spume.
they call it november.

because this is where the guzzling sea throws up its boats.
the cargo too, hauled by their dead weight.
they lodge in hoarding grottoes of the treasured percebes
and nest there.
waiting for the blind fingers of men.
snatching them away to the arms of the sea.

everyone on the island knows.
november is the place where sea seeks flesh.
it has learned our secret names

and **percebes** sing them like sirens.

TRANSLATORS NOTE: 'Percebes' are gooseneck barnacles, a delicacy in Galicia.